

## ACTA DO I PREMIO CUAC FM DE RADIOFICCIÓN 2018



Na cidade de Santiago de Compostela ás 18:00 do 14 de maio de 2018 reúnese o xurado do I Premio CUAC FM de Radioficción 2018, composto, con voz e voto, por:

-**Ánxela Gracián**, escritora e tradutora -ausente da xuntanza de deliberación por non serlle posible a asistencia-.

-**Inma Otero**, crítica literaria e profesora.

-**Armando Requeixo**, crítico literario, investigador e Presidente do Xurado.

Actúa como Secretario do Xurado, con voz e sen voto, **Lois Alcayde Dans**, escritor e Coordinador de Comunicación de CUAC FM.

Unha vez lidos todos os orixinais e realizadas as deliberacións oportunas, o xurado escolle por unanimidade entre as presentadas ao certame as obras "Conversa nocturna", asinada baixo o pseudónimo de *Puck* na Categoría Menor de Idade e "Violación de morada", asinada baixo o pseudónimo de *Sarxento Caruncho* na Categoría Adulta. Tras a apertura das plicas os textos son, respectivamente, da autoría de Nee Barros Fernández e Carlos Mirás Avalos.

O xurado, pois, decide nomear gañadores do I Premio CUAC FM de Radioficción 2018 a:

- Nee Barros Fernández pola obra "Conversas nocturnas" na **Categoría Menor de Idade**, dotado con 150 euros de premio sometidos ás retencións legais establecidas e a produción e emisión da súa obra en CUAC FM.
- Carlos Mirás Avalos pola obra "Violación de morada" na **Categoría Adulta**, dotado con 300 euros de premio sometidos ás retencións legais establecidas e a produción e emisión da súa obra en CUAC FM.

Ambos premios por modalidade aparecen recollidos nas bases deste certame.

O xurado, de entre os case 20 orixinais presentados, salienta a boa calidade, variedade temática e a inclusión de elementos sonoros como a música. Destaca das dúas obras gañadoras a destreza narrativa e o seu dominio dos códigos de expresión radiofónica e dos recursos da conversa e o diálogo, ben resoltos, áxiles e atractivos para os/as ouvintes xunto coa exploración de varios rexistros, dende a comedia ata o suspense, incluíndo tamén un elemento de orixinalidade e vangarda como é o emprego de recursos propios do metateatro. Os membros do xurado destacan así mesmo a variedade de rexistros lingüísticos que dotan de riqueza aos textos e o coidado posto na adaptación ao medio, cuns efectos sonoros e indicacións precisas do escenario e ambiente que permiten caracterizar a situación na linguaxe auditiva nuns diálogos vivos cunha suxestiva plasmación radiofónica.

Sendo as 19:30 do día enriba sinalado dáse por rematada a sesión de deliberación deste premio do que asino coma secretario do xurado e levanto a presente acta.

Santiago de Compostela a 14. de maio do 2018

Asdo. Lois Alcayde Dans.

.....